

ANEXO III

2024/CP/151

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: *ED431G-2023/09*

Título: *Axudas para a acreditación, estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027 (obxectivo específico 1.1: Desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e asimilar tecnoloxías avanzadas) da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Xunta de Galicia)*

Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: *Servizos xerais de apoio á xestión de I+D+i*

PERÍODO AXUDA:	INICIO: 01/05/2024	FIN: 30/11/2027
----------------	--------------------	-----------------

CENTRO Inv. Principal: *CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía*

OBXECTO DO CONTRATO: *colaborador/a nas tarefas da axuda de investigación que se indica.*

Técnico/a de Proteómica

LUGAR E HORARIO: *CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía - Luns a venres, de 08:00 a 15:00 h (35 h)*

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 1

CATEGORÍA PROFESIONAL (ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSONAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)¹

Investigador/a asociado/a Investigador/a en formación (Requerir matrícula programa doutoramento SUG)

Técnico/a de apoio á investigación Axudante de apoio á investigación

Técnico/a administrativo/a Axudante administrativo/a

XORNADA:	Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/09/2024
----------	---	---	---

TIPO DE CONTRATO:	Indefinido <input type="checkbox"/>	Duración determinada: <input checked="" type="checkbox"/>	DATA FIN CONTRATO: 31/10/2027
-------------------	-------------------------------------	---	-------------------------------

RETRIBUCIÓN BRUTAS: 2.508,33 € brutos/mes

(O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades, inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599 541A 6490206 (proxecto MUS 01022)

REQUISITOS

TITULACIÓN: *grao, licenciatura ou equivalente*

REQUISITOS: os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: <i>Sede electrónica da UDC (https://sede.udc.gal/)</i> , a través do Rexistro electrónico.

Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria.

PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): <i>Jaime Rodríguez González (director CICA/CAT-UN), M^a Isabel González Siso (subdirectora CICA/CAT-UN) e Daniel Torrecilla Cillero (técnico CICA pyc_pro grupo I). Suplentes: Elena Pazos Chantrero (investigadora CICA/PC-DR), Alicia Latorre Fernández (técnica CICA pyc_pro grupo I) e Carlos Platas Iglesias (investigador CICA/CAT-UN).</i>

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: <i>Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.</i>
--

¹ *Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Documentación xustificativa de todos os méritos alegados no CV nun único documento pdf.

Código Seguro De Verificación	dj3EsnZyEfGq2X1GXVdDtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	27/06/2024 12:03:41
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/dj3EsnZyEfGq2X1GXVdDtw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPD (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumplirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumplir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/g1/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña, 27 de xuño de 2024

O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Asdo.: Jaime Rodríguez González

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Documentación xustificativa de todos os méritos alegados no CV nun único documento pdf.

Código Seguro De Verificación	dj3EsnZyEfGq2X1GXVdDt w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	27/06/2024 12:03:41
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/dj3EsnZyEfGq2X1GXVdDt w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O “CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía” da UDC foi acreditado no ano 2024 como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), uníndose como centro de investigación de excelencia á Rede CIGUS da Xunta de Galicia.

O CICA conta na actualidade con 30 grupos de investigación adscritos e diríxese a tres áreas temáticas estratégicas: Biomedicina (BMed); Alimentación, Contaminación e Saúde (ACeS); e Nanociencia e Materiais Avanzados (NeMA).

A acreditación e pertenza do centro á Rede CIGUS de Galicia requirirá de tarefas de apoio e seguimento concretas, así como de posicionamento futuro, no que o CICA buscará a continuidade da súa excelencia científica e a singularidade dentro do espazo de investigación galego.

Unha das pezas fundamentais do CICA neste novo período será o fortalecemento da estrutura de xestión e apoio á I+D do centro, facéndoa máis especializada, en consonancia cos modelos de xestión doutros centros de investigación de referencia da contorna.

De forma específica o CICA necesita da contratación de persoal técnico de apoio á investigación para a Unidade de Proteómica, con formación e experiencia no uso de diversos equipamentos/infraestruturas que precise o persoal investigador dos distintos grupos do CICA para a investigación que realizan nos seus proxectos. Algunhas destas investigacións requiren técnicas analíticas específicas relacionadas coa proteómica, ademais de equipos de espectrometría de masas altamente sensibles e específicos e que precisan persoal altamente cualificado. O/A técnico/a responsable contratado/a colaborará no deseño e execución de análises proteómicas, incluíndo análise dos datos xerados, e dará tamén apoio á dirección do CICA e a outro persoal técnico da estrutura do centro en diversas cuestións da súa competencia.

Esta contratación está financiada a través das “Axudas para a acreditación, estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027”.

a) TAREFAS. Estarán vinculadas á Oficina de Xestión do centro, baixo a dependencia da dirección, e consistirán, entre outras, en dar apoio e colaborar en:

- Asesoramento e prestación de servizos de proteómica a grupos do CICA, ampliando a carteira de servizos a equipos de investigación de universidades, hospitais, fundacións e empresas a nivel autonómico e nacional.
- Colaborar no uso e mantemento do equipamento de nanocromatografía e espectrometría de masas (LC-MS). Calibrar os equipos, resolver incidencias, preparación e xestión das mostras para as análises proteómicas.
- Colaboración na organización do traballo na unidade. Xestión/mantemento básico dos equipos da Unidade mediante o uso de fluxos de traballo óptimos.
- Implementación de novas estratexias proteómicas mediante espectrometría de masas de alta resolución. Participación no desenvolvemento de técnicas de proteómica dirixida (PRM).
- Análise dos datos proteómicos xerados mediante ferramentas bioinformáticas.
- Colaborar e asesorar aos diferentes usuarios da unidade para deseñar experimentos e optimizar protocolos adaptados a cada proxecto concreto.
- Axuda ao persoal investigador/usuario nas análises de proteómica.
- Asistencia a xornadas, reunións e eventos nacionais e internacionais de proteómica.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Documentación xustificativa de todos os méritos alegados no CV nun único documento pdf.

Código Seguro De Verificación	dj3EsnZyEfGq2X1GXVdDtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	27/06/2024 12:03:41
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/dj3EsnZyEfGq2X1GXVdDtw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



b) REQUISITOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN (valoración sobre 100 puntos):²

O currículum vítae debe presentarse seguindo os mesmos epígrafes que figuran na seguinte táboa:

		CONCEPTO	PUNTUACIÓN	MÁXIMO
1.	Titulación académica	1.1. Licenciatura ou grao en titulacións de ciencias da saúde, científicas ou técnicas	10 puntos	10 puntos
2.	Experiencia en investigación	2.1. Grao de doutor/a relacionado coas ciencias da saúde, científicas ou técnicas	5 puntos	5 puntos
		2.2. Participación como investigador/a colaborador/a en proxectos de investigación	1 punto x proxecto	10 puntos
3.	Experiencia profesional	3.1. Experiencia como operador/a de cromatografía líquida de alta resolución acoplada a equipos de espectrometría de masas (LC-MS) 3.2. Experiencia en técnicas emergentes en proteómica mediante espectrometría de masas de alta resolución (DDA, DIA...) e en técnicas de proteómica cuantitativa (iTRAQ, TMT, label free...) 3.3. Experiencia en técnicas de illamento e cuantificación de proteínas. Identificación de proteínas mediante nanocromatografía líquida acoplada á espectrometría de masas en mostras complexas 3.4. Experiencia en análise de datos proteómicos mediante o uso de ferramentas bioinformáticas (FragPipe/MSFragger, Maxquant, DIA-NN, Proteome Discoverer, outros) 3.5. Experiencia con software de visualización de datos estatísticos e proteómicos (Peaks, Spectronaut, LFQ analyst, Skyline, outros)	0,15 puntos x mes traballado 0,15 puntos x mes traballado 0,15 puntos x mes traballado 0,15 puntos x mes traballado 0,15 puntos x mes traballado	5 puntos 15 puntos 5 puntos 5 puntos 5 puntos
4.	Formación	4.1. Asistencia acreditada a cursos relacionados coas técnicas proteómicas e os programas informáticos para a análise de datos proteómicos 4.2. Nivel de inglés acreditado	0,1 puntos x hora B2 = 2 puntos C1 = 3,5 puntos C2 = 5 puntos	10 puntos 5 puntos
5.	Entrevista persoal	5.1. Entrevista persoal ás candidaturas con maior valoración nos apartados anteriores (como máximo 4 candidatos/as; poderase establecer unha nota de corte mínima de 50 puntos para acceder á entrevista)		25 puntos

Lista de agarda: na resolución desta convocatoria establecerase unha lista de agarda.

² NOTAS:

- Presentar o currículum vítae ordenado do mesmo xeito e con idénticas seccións que a táboa de criterios do apartado b. Os CV presentados noutro formato distinto ao aquí especificado poderán non ser valorados.
- En ningún caso se valorará o mesmo mérito en dous apartados diferentes.
- Indicar as tarefas realizadas en cada un dos postos de trabalho, así como a duración destas.
- Na formación indicar necesariamente o nº de horas (en caso de non indicarse non se valorará).
- Ademais do documento de identidade, da titulación académica e do CV, é preciso achegar a documentación xustificativa de todos os méritos alegados no CV nun único documento pdf (os méritos non xustificados documentalmente poderán non ser valorados).
- No caso de que ningunha candidatura obteña unha puntuación superior a 65 puntos, o posto podería quedar deserto.

DATOS DE CONTACTO - RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS: correo electrónico cica@udc.gal.

Indicar a referencia da convocatoria no asunto do correo.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

- Fotocopia do documento de identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vítae.
- Documentación xustificativa de todos os méritos alegados no CV nun único documento pdf.

Código Seguro De Verificación	dj3EsnZyEfGq2X1GXVdDtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	27/06/2024 12:03:41
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/dj3EsnZyEfGq2X1GXVdDtw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

